



## DECLARACIÓN A FAVOR DO MONTE GALEGO

As árbores son os pulmóns da terra xa que transforman o CO<sub>2</sub> en oxíxeno. O 30% da superficie da terra está cuberta de árbores. En Galicia, as árbores cobren máis da metade dos montes e estes ocupan dúas terceiras partes do noso territorio.

Para Galicia o monte representa unha tripla fonte de riqueza: social, medioambiental e produtiva.

Desde o punto de vista social, xera emprego e riqueza e cumpre unha función de socialización moi importante na sociedade actual porque no monte realizamos moitas das nosas actividades de ocio. Medioambientalmente, contribúe á conservación da biodiversidade de moitas especies animais e vexetais e é un fiel aliado na loita contra o cambio climático.


Finalmente, o noso monte galego é eminentemente produtivo, xa que nel conviven actividades como a produción forestal, a gandería ou a caza. A actividade forestal é unha das más arraigadas e unha fonte de ingresos para moitos galegos, máis de 50.000 galegos realizan algunha actividade relacionada coa madeira.

En definitiva, o monte xera vida e como di o lema da campaña "O monte é a nosa vida".

Por todo isto, asumimos o compromiso de preservar esta riqueza e traballar por un futuro mellor para Galicia. E invitamos a todos os que comparten esta idea, a asinar este documento en sinal do seu compromiso en defensa do monte galego, rexeitando calquera forma de agresión que poña en perigo o patrimonio forestal que representa Galicia.

Santiago de Compostela, xuño de 2009

Pilar Rojo Noguera

  
Presidenta